

## CALENDARIO DO PRACTICUM CURSO 2025/2026 GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

### 1º PASOS A REALIZAR

**1º. Revisar a dirección de correo electrónico** que tedes posto na secretaría virtual, é na que se van a recibir as notificacións.

**2º. Incluír o número da Seguridade Social (NUS)**

- No voso perfil da Secretaría Virtual no portal académico é **IMPRESINDIBLE meter o NUS para facer as prácticas**.
- Información de como facelo neste [enlace](#)
- IMPORTANTE O ALUMNADO DE ERASMUS DE FÓRA DE ESPAÑA ten que te o NIU.

**3º. Facer o NIF electrónico ou firma electrónica.** **MOI recomendable.**

**4º. Buscar titor/a académico da facultade** (pode ser o mesmo que para o TFG).

A lista de oferta de liñas temáticas ofertada polo profesorado pódese consultar no Moovi.

**5º. Buscar centro de prácticas.**

TODOS OS CENTROS DE PRÁCTICAS TEÑEN QUE TER CONVENIO ACTIVO COA UNIVERSIDADE

En centros privados (empresas, asociación, etc. )

- A persoa titora do centro de prácticas debe ter o título de graduado en CCAFD ou licenciatura.

En centros educativos (públicos, privados ou concertados) as titoras xa teñen a titulación requirida.

Os centros de ensino públicos ou concertados xa teñen un convenio firmado pola Xunta de Galicia.

Os centros de ensino privados poden ter ou non convenio coa universidade.

Neste enlace podedes consultar se o convenio está activo:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/empleabilidad/practicas-academicas-externas/convenios-practicas>

No caso de que o centro de prácticas non teña convenio tedes que escribir a área de apoio a centros e departamentos para iniciar o trámite, indicando o nome completo da entidade e os datos da persoa responsable para a sinatura do convenio (nome completo, NIF, correo electrónico e teléfono).

[acdpo@uvigo.es](mailto:acdpo@uvigo.es)

## PROCEDIMENTO PARA FORMALIZAR AS PRÁCTICAS (unha vez que tedes confirmado o centro de práctica e titor/a académico)

Data límite

**07/11/25**

### PRIMEIRO PASO

**Cubrir o formulario no seguinte enlace**

[https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir\\_paso1/14818](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/14818)

Información para cubrir o formulario:

- Datos do centro onde se realizará a práctica.
- Datos das persoas titoras.
- Horas asignadas ao titor/a académico/a (facultade) 180 h. Se son dúas persoas repártense as horas.
- Horas asignadas ao titor/a do centro educativo 180h.
- Días e horas de asistencia ás prácticas e festivos propios do centro ou da localidade (tamén se deberán cubrir posteriormente nas condicións e características da práctica, ver información no punto seguinte)

Data límite

**28/11/2025**

### SEGUNDO PASO / Cubrir as condicións e características da práctica no portal académico (chega un aviso ao correo electrónico)

No apartado de horario tedes que poñer:

**Período:** Do 27/01/26 ao 13/03/26

**Horario:** detallar o horario que concertedes co centro de prácticas

**Días efectivos e nº horas totais:**

- De luns a venres. 5 horas / día (aprx.) entre 25 / 30 horas semanas.
- No caso de ir sábados ou domingos tedes que especificar os días en concreto.
- Nº de horas 180 en total.

No caso de prácticas nun centro educativo

Preguntar que días pecha o centro (no caso de centros educativos tedes que ter en conta o período de vacacións e festivos autonómicos para o curso 2025/26 establecido pola Xunta de Galicia).

**Importante** Os centros teñen festivos propios.

Tedes que indicalos no formulario e restar as horas do cómputo total.

Por exemplo: se o centro ten un día festivo propio, restamos 5 horas e calculamos as horas

180h – 5 horas = 175h.

**ESTAS SERÁS AS HORAS QUE TEDES QUE POÑER NO FORMULARIO**

Para prácticas en centros educativos fóra de Galicia: revisar o calendario de actividades lectivas da comunidade autónoma e os festivos propios do centro.

No apartado de plan formativo especificar as actividades e tarefas que ides desenvolver.

**Importantísimo,** detallar se ides facer saídas fóra do centro e indicar se hai desprazamentos.

Data límite  
**12/12/25**

**TERCEIRO PASO /Anexo I, anexo II e anexo III  
+ copia do título de grao/licenciatura do titor/a ou do nº colexiado**

Información sobre o anexo I

1. Descargar o anexo I do portal académico,
2. Firmar o documento,  
Firman o/a alumno/a e o/a titor/a do centro de prácticas, e o/a titor/a académico/a

**IMPORTANTE** se tedes que combinar firmas manuais e electrónicas a orde é:

- 1º firmas manuais
  - 2º escanear en formato PDF
  - 3º firmas electrónicas
3. Subir o anexo I firmado ao portal académico.

Información sobre o anexo II (para firmar polo titor/a do centro de prácticas)  
So tedes que informar de que lles chegará por correo electrónico.

Información sobre o anexo III (chega un aviso para ler e aceptar o compromiso)  
Entrar no portal académico para dar o consentimento.

Subir ao moovi o título de grao/licentura do titor/a ou do nº colexiado  
(non é necesarios subilo no caso de facer a práctica en centros de secundaria)

**16/12/2025**

Publicación no Moovi da lista de persoas admitidas e excluídas para a realización das prácticas

**17-19/12/2025**

Reclamación ás listaxes provisionais. Período de rectificación.

**08/01/2026**

Aprobación e publicación da listaxe definitiva.

**27/01/2026**

**INICIO DE PRACTICUM**

**13/03/2026**

**REMATE DE PRACTICUM**

## CONVOCATORIA MAIO 2026

**Data límite**  
25/05/26

**O alumnado debe:**

- **Subir a memoria** de prácticas ao Moovi.
- **Enviar por correo electrónico a memoria** ao titor/a académico.
- **Cubrir no portal do estudante o Anexo VI Informe final do/a estudante.**

**O procedemento de entrega da documentación está por concretar.**

- **Anexo IV Informe do Titor/a do centro de prácticas.**

**Nota titor/a académico**

**Data límite**  
08/06/26

O/a titor/a debe cubrir na aplicación de prácticas o **Anexo V Informe do/a titor/a académico** do alumnado en prácticas curriculares con data tope **08/06/26**.

Peche actas luns, 15/06/26

## CONVOCATORIA XUÑO 2026

**Data límite**  
19/06/26

**O alumnado debe:**

- **Subir a memoria** de prácticas ao Moovi
- **Enviar por correo electrónico a memoria** ao titor/a académico.
- **Cubrir no portal do estudante o Anexo VI Informe final do/a estudante.**

**O procedemento de entrega da documentación está por concretar.**

**Anexo IV Informe do Titor/a do centro de prácticas**

**Nota titor/a académico**

**Data límite**  
03/07/26

O/a titor/a debe cubrir na aplicación de prácticas o **Anexo V Informe do/a titor/a académico** do alumnado en prácticas curriculares con data tope **03/07/26**.

Peche actas venres, 20/07/26